



---

**VILANOVA**

---

**DE CASTRO**

**Isaac Amboage Bermúdez**

**Trabajo de Final de Grao**

**Directora: Olga Osorio Iglesias**

**Grao en Comunicación Audiovisual**

**Curso 2018/2019**

# ÍNDICE

<b>1. Introducción</b>	<b>Pág.</b>
1.1. Que é “Vilanova de Castro”?	6
1.2. Sinopse	8
1.3. Formato	9
1.4. Orixe	10
1.5. Intención	12
1.6. Público obxectivo	13
<b>2. Proxecto</b>	
2.1. Preproducción	
2.1.1. Guión	17
2.1.2. Fotografía	20
2.1.3. Dirección	24
2.1.4. Casting	25
2.1.5. Calendario de Producción	26
2.1.6. Plantas de Cámara e Guión Técnico	28

<b>2.2. Producción</b>	
<b>2.2.1. Equipo técnico</b>	<b>29</b>
<b>2.2.2. Rodaxe</b>	<b>30</b>
<b>2.2.3. Localizacions</b>	<b>31</b>
<b>2.3. Posproducción</b>	
<b>2.3.1. Montaxe</b>	<b>33</b>
<b>2.3.2. Integración</b>	<b>34</b>
<b>2.3.3. Posproducción de son</b>	<b>37</b>
<b>2.3.4. Música</b>	<b>38</b>
<b>2.3.5. Posproducción de cor</b>	<b>39</b>
<b>2.3.6. Distribución e comercialización</b>	<b>41</b>
<b>3. Presuposto</b>	<b>44</b>
<b>4. Conclusións</b>	<b>49</b>
<b>5. Anexos</b>	
<b>5.1. Escaleta</b>	
<b>5.2. Tratamento</b>	
<b>5.3. Guión literario</b>	
<b>5.4. Plantas de cámara</b>	
<b>5.5. Música</b>	
<b>5.6. Ordes de rodaxe</b>	

# 1. INTRODUCCIÓN

1.1. Que é “Vilanova de Castro”?

1.2. Sinopse

1.3. Formato

1.4. Orixe

1.5. Intención

1.6. Público obxectivo



## 1.1. QUE É VILANOVA DE CASTRO?

Vilanova de Castro é un falso documental que trata dunha vila ficticia na que o goberno local dende hai 20 anos é de ideoloxía comunista. Pese a isto, a maioría da poboación é de clase social alta e a súa renda per cápita é das máis altas de España. A historia comeza cando un xornalista dunha pequena televisión do norte de España desprázase a esta vila para realizar unha reportaxe de este fenómeno.

A peza combina crítica e sátira social e política xogando con recursos típicos do documental e coa estrutura formal deste, baseándose puramente en testemuñas e entrevistas a personaxes relevantes. Para iso comeza entrevistando á directora do instituto local, a algúns estudantes, etc. pero tamén a personaxes máis pintorescos e caricaturescos como Renaldinho (xogador do equipo de fútbol do pobo cun pasado como xogador de elite na primeira división portuguesa) ou Jean Piere (un pintor francés que se trasladou ao pobo en busca de inspiración).

Esta serie de entrevistas inclúen ao propio alcalde deste pobo ficticio, que a través do seu carisma e bos resultados electorais conseguiu gobernar durante 20 anos a vila. Mediante o uso desta narrativa de falso documental, a audiencia percibe o narrado como máis verosímil e realista ao ser unha linguaxe que consume a diario tanto a través da televisión como de documentais de longa duración.

**Pouco a pouco e vendo que a maioría de voces do pobo apoian ao alcalde, dende a televisión para a que traballa o xornalista comezan a presionalo para que non se mostre unha visión tan positiva do gobernante. Á vez, a propia ideoloxía do xornalista vaise tornando dunha posición máis escéptica ata poñerse do lado do alcalde e apoialo ata o punto de renunciar ao seu traballo. Na parte final, mostrase a montaxe manipulada que a televisión fixo da gravación orixinal e mostrase toda a obra como unha explicación do xornalista para explicar os feitos tal e como aconteceron.**

## 1.2. SINOPSE

A curta é un falso documental, onde todo o contado é ficción pero esta contado á maneira formal dun documental ou unha reportaxe televisiva.

O documental comeza cando un xornalista desprázase cun cámara a un pobo que destaca por ter unhas das rendas per cápita máis altas de España, pero á vez chama a atención polo curioso do seu gobernante: un alcalde de ideoloxía comunista. O xornalista ve esta noticia como unha oportunidade de ofrecer algo distinto, pese a que de xeito sutil nótase ao principio do documental que a idea de que unha sociedade comunista pode ter un nivel de vida alto parécelle un ideal que dificilmente podería ser exportado ao resto de España. Pese a que ao principio se mostra escéptico, aos poucos empeza a sentirse fascinado por ese oasis, especialmente cando coñece ao alcalde, un cacique carismático que seduce ao xornalista. A medida que se suceden as entrevistas o xornalista cada vez ve con mellores ollos este pobo, que lle comeza a parecer un lugar idóneo para vivir. Este xiro na ideoloxía do xornalista é palpable na súa forma de relacionarse cos habitantes de “Vilanova de Castro”, ata o punto de estar disposto a enfrontarse aos seus superiores por defender o seu punto de vista na reportaxe.



## 1.3. FORMATO

A curta foi gravada como un documental televisivo con estética coidada, polo que era importante manter formalmente a idea estética do documental. Para isto, empregamos un sistema multicámara e estruturamos o guión de forma que se adecuara aos canons usuais deste xénero, especialmente baseado en testemuñas.

O resultado final foi unha peza de pouco máis de 26 minutos de duración que entra na duración habitual deste tipo de curtas. Ademais o formato de gravación foi 4K, polo que a definición da peza é suficiente para ser reproducida na práctica totalidade de dispositivos actuais a alta definición.

## 1.4. ORIXE

O proxecto xurdiu coa fin de crear unha obra que puidera xogar coa idea da obxectividade e como esta é relativa, xa que segundo o punto de vista que tome o creador este xa está a mostrar a súa visión subxectiva do tema. Esta teoría é especialmente aplicable no audiovisual, xa que non só considerando que dende o momento no que a cámara é colocada nun sitio en lugar de outro o creador xa está a tomar un punto de vista, senón que nos sucesivos procesos de montaxe, edición, elección das músicas, etc. estanse a crear un conxunto de condicionantes ao redor da obra que mostran unha determinada idea sobre o tema a tratar.

Debido a isto decidín explorar o formato do falso documental xa que considero que era o xénero que me permitía xogar con esta idea de maneira máis interesante porque me permitía empregar a narrativa formal do documental, e máis concretamente o documental televisivo ou reportaxe. Isto interesábame xa que é unha linguaxe coa que a maioría da xente está familiarizada e asume como verídica a diario. Polo que o empregar dita estrutura formal con feitos ficticios parecíame a mellor opción para expresar o que eu quería.

Á súa vez, quería tratar con ironía a sociedade actual e satirizar as ideoloxías en xeral, polo que me decidín a inventarme un pobo que contara cun goberno caciquil dende un período prolongado de tempo e que presentara un pobo alienado e conformista, á vez que as únicas voces críticas son interesadas e partidistas.

Para guiar todo o relato caín na conta de que precisaba a figura do xornalista, xa que para dar continuidade á historia e poder mostrar a subxectividade latente en calquera peza audiovisual precisaba dun protagonista relacionado con esos temas e que non fora do mesmo entorno do resto das personaxes, para que puidera ter una visión externa ao principio ata adquirir un posicionamento e opinión ao final.

Ademais, contaba con mostrar unha opinión crítica sobre o papel dos medios informativos, de modo que a montaxe da televisión ao final da curta mostra como co mesmo tema e materiais, simplemente mediante o enfoque pode mostrarse unha visión ou outra.

## 1.5. INTENCIÓN

A intención artística ou ideolóxica con este produto audiovisual era tratar os mencionados temas da obxectividade e sátira e crítica da sociedade actual.

En cuanto á finalidade comercial dende o primeiro momento presentouse como unha oportunidade para dar a coñecer e promocionar o traballo das persoas que participaron no proxecto, especialmente eu como guionista e director. Para isto, a curta optou a unha axuda da AGADIC para a creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego na categoría de guión para curtametraxes, pero finalmente non foi adxudicada a este proxecto.

Agora, unha vez finalizada a curta, comezará unha andadura por festivais en busca de repercusión e promoción de cara a poder ser vendido a algunha televisión ou plataforma de vídeo baixo demanda.

O circuío de festivais non se considera como unha forma de obter beneficios directos da súa exhibición, xa que en moitos festivais é preciso que se pague unha cantidade de diñeiro para poder ser estreado e exhibido, senón que se considera como unha porta de cara a gañar repercusión e que persoas que traballan para/con plataformas de vídeo baixo demanda, televisións ou webs con contidos relacionados coa temática e xénero da cura a encontren interesante e que esta poida ser vendida a estos. Isto é explicado máis extensamente no seguinte apartado.

## 1.6. PÚBLICO OBXECTIVO DE “VILANOVA DE CASTRO”

Vilanova de Castro é unha curta que aborda temas políticos e sociais dende unha postura crítica, ademais de tratar unha temática concreta como é a obxectividade á hora de abordar distintos temas, especialmente nos medios de comunicación, polo que poderíamos dicir que é un tipo de contido que interesará a unha audiencia interesada en estos temas, ademais de un público habitual de curtametraxes. Este proxecto, ao ser unha obra ficcionada co aspecto formal dun documental poderá acercarse tanto a un consumidor tipo de ficción como de documentais, xa que pode atraer pola temática a un público máis centrado nos documentais, especialmente nos que adoitan tratar este tipo de temáticas, como poderá atraer a un tipo de público máis familiarizado coa ficción e que quizais non está tan familiarizado co xénero dos falsos documentais e descubre nestos unha nova tipo de linguaxe dentro da ficción audiovisual.

Este tipo de contidos adoitan consumirse mediante internet, tanto mediante plataformas de consumo gratuíto como poderían ser YouTube ou Vimeo ou en plataformas de vídeo baixo demanda como Netflix, HBO ou Amazon Prime, pero especialmente plataformas máis centradas nun tipo de contido máis independente ou minoritario como Filmin ou Movistar+, nos que tamén poden consumir curtametraxes. Isto último é importante porque considero que dentro do abanico de público ao que podemos chegar está un público consumidor de festivais de curtametraxes e ao que lle gusta manterse informado das últimas novidades artísticas e/ou culturais.

**Debido a isto, considero que o público obxectivo desta curta encaixaría nun perfil mozo, interesado en política e movementos sociais, con inquedanzas intelectuais e un nivel socioeconómico medio ou medio-alto.**

**Polo tanto poderíamos dicir que o público obxectivo deste proxecto encaixaría dentro dun perfil de homes e mulleres de 18 a 30 anos de áreas urbanas ou semiurbanas que adoitan consumir produtos audiovisuais vía internet e teñen inquedanzas intelectuais e/ou culturais.**

# 2. PROYECTO

A photograph of two men in suits shaking hands in a study. The man on the left is older with grey hair, and the man on the right is younger with dark hair. They are standing in a room with a desk, a framed portrait, and a window with red curtains. The man on the right is holding a clipboard.

## 2.1. Preproducción

### 2.1.1. Guión

### 2.1.2. Fotografía

### 2.1.3 Dirección

### 2.1.4. Casting

### 2.1.5. Calendario de producción

### 2.1.6. Plantas de cámara e guión técnico

A man in a light-colored suit stands in a study, pointing towards a desk. Another man in a grey suit is seated at the desk, holding a clipboard. The room is filled with books, a large mirror, and a framed photograph on the desk.

## 2.2. Producción

### 2.2.1. Equipo técnico

### 2.2.2. Rodaxe

### 2.2.3. Localizaci3n

## 2.3. Posproducci3n

### 2.3.1. Montaxe

### 2.3.2. Integraci3n

### 2.3.3. Posproducci3n de son

### 2.3.4. M3sica

### 2.3.5. Posproducci3n de cor

### 2.3.6. Distribuci3n e comercializaci3n



## **2.1. PREPRODUCCIÓN**

### **2.1.1. GUIÓN**

Para que o formato do falso documental funcionara, dinme conta de que debía contar con testemuñas críbeis pero á vez que aportaran distintos matizes dos que trata a historia. Para iso, decidín crear diferentes perfís de habitantes que serían entrevistados nun documental “verosímil”, engadindo algúns personaxes que son máis caricaturescos.

O xornalista é o protagonista da curta, sobre o que recae a acción durante todo o tempo e que guía a narración. Chega ao pobo para realizar unha reportaxe sobre este, pero pouco a pouco vemos como existe unha presión dende a cadea de televisión para a que traballa de dar unha visión negativa de Vilanova de Castro. A medida que entrevista a máis habitantes e especialmente a partir de coñecer ao alcalde comeza a crer que a forma de goberno de esta vila é exemplar, ata chegar a revelarse ante os seus xefes, como se ve ao final da curta.

Por outra banda, o alcalde leva gobernando Vilanova de Castro dende fai máis de 20 anos, o secreto do seu éxito é unha carisma natural engadida a saber relacionarse cos poderes económicos e sociais da vila. Isto mostrase na curta de forma máis ou menos sutil, cando defende o papel da construción inmobiliaria como motor económico ou cando o empresario afirma que el e o alcalde son amigos dende fai moitos anos, de maneira máis explícita mostrase ao final da curta cando o dono do bar que a audiencia xa coñeceu previamente lle entrega un xamón a cambio de un favor, ao que o alcalde accede alegremente.

**A estos dous personaxes, aos que poderíamos considerar os protagonistas da historia, son os que levan o peso da curta, pero tamén era importante para a mensaxe que quería contar mostrar distintos personaxes que encarnaran ditas ideas. Por exemplo, mentres a directora do instituto mostra unha visión indiferente sobre a ideoloxía de alcalde e transmitindo a idea de “mentres a min me vaia ben tanto me da a política”, os estudantes serven para criticar unha falta de conciencia crítica á clase política dende a sociedade, etc. por outro lado, outros personaxes serven para mostrar unha visión máis paródica da vila, como a presenza dun xogador de fútbol cun pasado na elite no equipo da vila, ou que un pintor francés decida mudarse para facer unha serie pictórica sobre o comunismo e centrada no alcalde.**

**Despois da primeira quenda de entrevistas, na parte central da peza chega a entrevista ao alcalde, momento clave xa que é cando o punto de vista do xornalista comeza a cambiar e a dubidar das presións que recibe por parte da cadea de televisión. A continuación succédense máis entrevistas a personaxes relevantes como o Empresario, que revela unha parte máis sospeitosa do alcalde ao afirmar que son amigos ou Sonia Silva, a muller máis rica de España que tamén afirma que en Vilanova de Castro “todos somos iguais”.**

**Na parte final, o xornalista acepta a invitación do alcalde ao acto final da campaña e cae rendido ante el, chegando a aceptar unha oferta de traballo de esta. Posteriormente grava un peche para o documental posicionándose claramente a favor do goberno do alcalde e revelándose contra a opinión e imposicións da televisión.**

**Un texto da paso á versión do documental emitida pola televisión, unha peza de pouco máis dun minuto no que queda claramente manifestada a posición da televisión e resulta unha peza tendenciosa e claramente sesgada.**

**O proceso para a escritura do gui3n comezou coa creaci3n dunha escaleta, na que grosso modo pode verse o que posteriormente se converter3a a curta pero de forma m3is esquem3tica e todav3a sen desenvolver en profundidade, simplemente para comprobar se a estrutura funcionaba.**

**O seguinte paso foi a elaboraci3n dun tratamento, 3 dicir, un protogui3n no que se desenrolaba o que 3a acontecer no gui3n final pero todav3a sen di3logos, a3nda que tanto a acci3n como estes pod3an intuirse case completamente.**

**Por 3ltimo, realicei catro versi3ns de gui3n ata acadar a versi3n final, xa cos di3logos definitivos e as distintas situaci3ns elaboradas practicamente igual que se pode ver no resultado final da curta. Moitos di3logos cambi3ronse ou foron expresados polos actores con outras palabras xa que malia ser unha obra ficcionada consideraba fundamental que os actores puideran facer seu o gui3n e manter as conversas co xornalista da forma m3is natural posible, a3nda que iso significara que o actor 3a cambiar alg3n di3logo.**

## **2.1. PREPRODUCCIÓN**

### **2.1.2. FOTOGRAFÍA**

En canto á fotografía decidimos optar por un estilo de reportaxe de televisión pero elegante e coidado, tendo como referencia de estilo visual “Salvados” de Jordi Évole constantemente, xa que encaixaba no que queriamos transmitir: unha peza televisiva sobre actualidade política verosímil con boa presenza estética e realización coidada.

Por isto, optamos pola gravación multicámara (2 cámaras gravando simultaneamente) e unha mestura de cámara en man para as entrevistas máis informais, como a dos rapaces ou a das xornalistas na praia e planos máis estáticos para entrevistas como a do alcalde ou a de Sonia Siva

Tamén empregamos un slider para a entrevista da líder da oposición, quería mostrar que a opinión do xornalista comeza a cambiar e que o seu discurso é aturulado mediante unha montaxe de planos casi enteiramente en movemento de esquerda a dereita e viceversa para crear unha certa sensación de desorde no espectador. Tamén o empregamos en escenas como a do empresario ou a do dono do bar para dar a sensación de magnitude ou grandilocuencia.

**Na escena final optamos por facer un plano secuencia empregando un estabilizador Ronin e sincronizando o movemento dos actores co da cámara, para mostrar dende o discurso do alcalde ata o seu encontro co periodista, pasando polo seu saúdo co seu amigo o empresario ou o dono do bar, quen lle regala un xamón.**

**Tamén empregamos un dron para realizar planos aéreos de zonas dos arredores da Coruña, para facelo pasar por áreas de Vilanova de Castro. Estes grandes planos xerais axudan a ubicar ao espectador na escena e a facer máis crible que este pobo existe de verdade.**



PLANOS DE REFERENCIA DE "SALVADOS"



PLANOS DE “VILANOVA DE CASTRO”

## **2.1. PREPRODUCCIÓN**

### **2.1.3. DIRECCIÓN**

Como xa expliquei algunhas das decisións estilísticas no apartado da fotografía neste apartado centrareime en direccións de actores.

Debido a que quería que as audiencias percibiran o documental como real, era importante que os testemuñas dos actores non resultaran impostados nin sobreactuados, xa que a naturalidade era un factor importante a ter en conta para a credibilidade da curta.

Para iso decidín que, pese a que a totalidade dos diálogos estaban guionizados, os actores tiñan liberdade para poder cambiar palabras e expresións como lles fora máis natural, para que o resultado final fora máis crible para o espectador.

No traballo cos actores, especialmente co protagonista, tratei de transmitirles esa confianza para que se soltaran e resultaran o máis convincentes posible. Debido o gran número de actores (15) non foi posible ensaiar con todos, polo que se optou por ensaiar cos que tiñan un maior protagonismo, como o xornalista e o alcalde, ou que tiñan unha complexidade especial, como Renaldinho, xa que o actor tiña que falsear un acento portugués.



## **2.1. PREPRODUCCIÓN**

### **2.1.4. CASTING**

Uns dos desafíos cos que me encontrei para poder desenvolver este proxecto foi a gran cantidade de actores que precisaba para poder contar esta historia, xa que dende o principio o guiión contaba cun gran número de personaxes.

Para conseguilos o que fixen foi publicar anuncios en redes sociais buscando actores para a curta, especialmente en contas de Facebook como Castings Coruña. A través de dita páxina un gran número de actores de diversas idades e perfíles contactáronme a acudir ao casting, que como se anunciaba en redes, se produciría na Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC.

De este casting obtiven a maioría de actores para o proxecto e sinceramente sorprendeume tanto o nivel amosado por algúns dos asistentes como a gran cantidade de xente que estaba disposta a colaborar co proxecto. Ao final máis de 20 persoas acudiron ao casting dos que 15 remataron formando parte do proxecto.


## **2.1. PREPRODUCCIÓN**

### **2.1.5. CALENDARIO DE PRODUCCIÓN**

Como se pode ver no calendario da páxina seguinte, a preproducción da curta comezou formalmente en febreiro, xa que durante os meses anteriores anteriormente desenvolvera a escaleta e a sinopse do proxecto, pero é a partir deste mes cando comezo a dedicar a este proxecto gran parte do meu tempo diario. A partir deste mes comezo a desenvolver o tratamento e posteriormente o guión, para poder ter unha primeira versión ao comezo da fase de selección do casting e contar cunha versión final a principios de abril para poder comezar a desenvolver o resto de etapas da preproducción.

Desta forma, durante o mes de abril tomáronse as decisións correspondentes ao vestiario; desglosouse todo o necesario para a produción, incluíndo á dirección de arte; realizouse o guión técnico, plantas de cámara e realizáronse os ensaios necesarios cos actores.


Despois da rodaxe os días 4, 5, 12 e 13 de maio, iniciouse a etapa de posproducción na que a fase de montaxe ocupou ata principios de xullo, cando se iniciou a etapa de corrección de cor e posproducción de son que foron finalizadas a mediados de agosto, deixando de marxe ata a entrega do proxecto para corrixir erros, exportar e preparar a memoria do proxecto.



## 2.1. PREPRODUCCIÓN

### 2.1.6. PLANTAS DE CÁMARA E GUIÓN TÉCNICO

Da man da directora de fotografía creamos distintas plantas de cámara para cada escena na que se facía evidente a distribución tanto de actores como de cámaras en cada secuencia, de forma que non só o equipo de dirección e fotografía sabían con precisión como se ía desenvolver a escena, senón que tamén son, iluminación, arte, etc. sabían como abordar a localización e que orde de planos se ía a seguir.



Shot List	
<b>A</b>	Pp Y P Medio Lider Oposicion
1	Pp Y P Medio Lider Oposicion 50
<b>B</b>	P Detalles Lider Oposicion
1	P Detalles Lider Oposicion 16-50
<b>C</b>	Pp Y P Medio Xornalista
1	Pp Y P Medio Xornalista 50
<b>D</b>	P Detalle Xornalista
1	P Detalle Xornalista 16-50
<b>E</b>	P Master
1	P Master 50 slider
2	P Master 50 slider

## **2.2. PRODUCCIÓN**

### **2.2.1. EQUIPO TÉCNICO**

Para a realización de esta curta foi necesario o traballo de 12 persoas no referente a equipo técnico. Grazas á colaboración de cada unha de estas persoas puido realizarse o proxecto. O equipo final foi formado por:

**Produtor, guionista e director: Isaac Amboage**

**Ayte. Dirección: Carla Candamio**

**Xefa de Producción: Eva Montoto**

**Ayte Producción e Runner: Pablo Maseda**

**Dir. de Foto (1ª operadora): Alba Fernández**

**2º operador: David Suárez**

**Montador e posprodutor de son: Isaac Amboage**

**Son: Christian Zas**

**Son: Juan Esteban Colmenares**

**Música: Fernando Rouco**

**Dir Artística: Marta Martínez**

**Dir. de vestuario: Laura Canto**

**Deseño gráfico: Candela Barreiro**

## **2.2. PRODUCCIÓN**

### **2.2.2. RODAXE**

Intentei organizar a rodaxe o máis eficientemente posible para ter que realizar poucos desprazamentos e poder rodar o mínimo de días posíbeis.

Finalmente rodamos en 4 días repartidos nas zonas de Bastiagueiro (día 1), onde rodamos as escenas 1 (a introdución ao carón da estatua do Che), 3 (entrevista aos estudantes ao carón do instituto) e 6 (xornalistas locais ao carón da praia). No día 2 rodamos nun local que nos foi cedido e foi onde rodamos as escenas 2 (a entrevista á directora do instituto), 4 (entrevista ao empresario inmobiliario) e 7 (entrevista á líder da oposición). Durante o 3º día rodamos nas torres de Santa Cruz a escena 12 (o acto final de campaña), e as entrevistas a Jean Pierre e Sonia Silva (escenas 9 e 10, respectivamente). Finalmente no cuarto e último día rodamos a entrevista ao alcalde (escena 8) na Casa Museo de Emilia Pardo Bazán e a escena do bar (5) no bar Lebowski.

## **2.2. PRODUCCIÓN**

### **2.2.3. LOCALIZACIÓNS**

Outro desafío dentro desta produción foron o gran número de localizacións que quería incorporar. En total eran 12 escenas en 7 localizacións distintas. Afortunadamente logramos condensar os días de rodaxe para facer os mínimos desprazamentos posibles e contamos coa colaboración de distintas entidades que nos cederon os seus espazos para a gravación da curta.

Desta forma conseguimos que o Concello de Oleiros nos deixara rodar no exterior do instituto de Bastiagueiro, na praia de Bastiagueiro, na rotonda do Che e nas torres de Santa Cruz. Tamén se nos prestou un local para poder rodar aí, á vez que a Casa Museo de Emilia Pardo Bazán e o bar Lebowski.



**A CORUÑA  
(DÍA 4)**

**BASTIAGUEIRO  
(DÍA 1)**

**SANTA CRUZ  
(DÍA 3)**

**OLEIROS  
(DÍA 2)**



## **2.3. POSPRODUCCIÓN**

### **2.3.1. MONTAXE**

Na fase de montaxe intentei aproximar o máximo posible a duración da curta a 25 minutos e aportar ritmo e axilidade. Para iso tiven que prescindir de moitos diálogos e planos, xa que o guión definitivo constou de 35 páxinas e unha duración habitual de un minuto por cada páxina de guión resultaba demasiado longa.

Para iso, optei por reducir a duración de algunhas entrevistas, así como reorganizalas, xa que entrevistas como as de Renaldinho ou Jean Pierre estaban na segunda parte da curta (tras a entrevista ó alcalde) pero decidín que o máis adecuado era incluír a estes no principio e deixar para a segunda parte ao empresario e o dono do bar, xa que aparecen na escena final e así o espectador acordarase máis facilmente de eles, á vez que feitos como que o alcalde sexa amigo do empresario pasarán máis “permisivamente” polo espectador si xa coñecen ao alcalde e empatizan con el que se tiveramos esa información antes de coñecelo.

Ademais, decidín que sempre que puidera cortar entre escenas aproveitando o son, como na transición entre o empresario e Sonia Silva, que o corte prodúcese cando o empresario golpea co bolígrafo na mesa.

## **2.3. POSPRODUCCIÓN**

### **2.3.2. INTEGRACIÓN**

Dende a primeira fase do guión considerei fundamental que todo o visto polo espectador polo menos na primeira metade do documental fora verosímil e aínda que houbera datos que puideran facelo desconfiar do que estaba vendo (como que o alcalde tivera relación con Fidel Castro) seguira a crer que o que estaba vendo era totalmente verídico.

Para isto, decidín realizar unha integración do alcalde nun vídeo de arquivo de Fidel Castro. Para dar maior credibilidade escollín un vídeo da súa visita a Galicia e situei ao actor que interpreta ao alcalde entre Fidel Castro e Manuel Fraga, polo que podería ter sentido que se coñeceran nesa visita.

Para proceder a integralo, unha vez escollido o vídeo de Fidel no que ía ser integrado desprazámonos ao plató da Facultade de Ciencias da Comunicación da UDC para gravar ao actor que interpreta ao alcalde diante do chroma alí presente. Unha vez convenientemente iluminado e gravado procedín a integralo empregando o programa Adobe After Effects.

En primeiro lugar eliminei o chroma do vídeo do alcalde para que non houbera ningún elemento que interferira na súa integración. A continuación realicei un motion tracking para que o vídeo do alcalde seguira o movemento do vídeo de Fidel, isto foi un pouco complexo xa que é un plano que tembla bastante. Unha vez o movemento da cámara do alcalde se correspondía coa de Fidel comecei a realizar unha máscara que ocultara un sitio exacto no vídeo de Fidel para que puidera encaixar o alcalde. Este foi o proceso máis tedioso xa que debido aos distintos movementos, especialmente de Fidel cos brazos e a presenza de elementos como a barba ou o pelo do alcalde fixeron que a animación automática de esta máscara por parte de After Effects fora moi pouco efectiva, polo que tiven que animar dita máscara practicamente frame por frame.

Finalmente editei a imaxe co corrector de cor de Lumetri para igualar saturación e cores. Debido á baixa calidade das imaxes de Fidel decidín converter a imaxe a branco e negro para que as diferenzas de cor non destacaran tanto e engadir efectos de VHS e aumentar o grao para que parecera que as imaxes son anteriores, á vez de dar maior uniformidade á imaxe.

# IMAXES PROCESO DE INTEGRACIÓN



## **2.3. POSPRODUCCIÓN**

### **2.3.3. POSPRODUCCIÓN DE SON**

Durante a posproducción de son encargueime principalmente de igualar todos os audios, así como crear unha sensación de uniformidade. Isto foi complexo en algunhas situacións, xa que debido ás condicións meteorolóxicas de algunhas localizacións ou á mesma ubicación destas facía que contrastaran moito entre elas. Por exemplo o audio dunha escena na praia a unha escena nunha localización interior como a do alcalde resultaba moi distinto, polo que houbo que nivelar os clips e facer un proceso de eliminación de ruído e potenciar as voces.

Para iso empreguei o editor de audio do Adobe Premiere Pro e engadín un ecualizador paramétrico e un compresor multibanda para facer as voces máis claras e un eliminador de ruídos e de chasquidos para que non houbera tanto ruído de fondo.

Loxicamente como xa mencionei o son dependendo de onde foi gravado en cada ocasión varía moito, polo que houbo que realizar unha edición pormenorizada de cada escena. Ademais, para que non se perdera o raccord de son de algunhas escenas tiven que engadir sons de ambiente, xa que por exemplo na entrevista de Jean Pierre nos planos xerais o vento soa moito máis forte que nos planos curtos, polo que houbo que igualar a potencia do vento.

Tamén, na parte de deseño de son, engadín algún clip para facer máis crible o que acontecía, como os aplausos, as risas, ou o ruído de fondo na escena do acto final de campaña.

## **2.3. POSPRODUCCIÓN**

### **2.3.4. MÚSICA**

A música que conforma a banda sonora de “Vilanova de Castro” é unha composición orixinal de Fernando Rouco que realizou expresamente para este proxecto. Dende o comezo do proceso de escritura do guión falei con Fernando para aproximarnos o mellor posible en canto as nosas visións sobre a música da curta. Encontramos un punto en común na escena do acto final de campaña, cando decidimos facer referencias á música clásica relixiosa para, ao igual que o resto da escena en xeral, facer un símil entre un acto relixioso e os veciños saudando ao alcalde despois de ser reelixido. Ao final eliximos facer unha versión da Evocación de San Mateo para producir ese efecto na audiencia.

A partir de aí decidimos seguir co mesmo estilo no resto de composicións (que se poden atopar nos anexos), especialmente baseado en cordas e graves para acentuar o tono de documental de investigación. Isto chega ao máximo nivel no último tema, cando no montaxe que fai a televisión do gravado polo xornalista en Vilanova de Castro empeza a sonar un tipo de música de programa sensacionalista estilo “Equipo de investigación”.

## **2.3. POSPRODUCCIÓN**

### **2.3.5. POSPRODUCCIÓN DE COR**

Á hora de facer a corrección de cor de cara a darlle un acabado final á estética da curda decidimos manter un aspecto pouco contrastado e “lavado” para dar a impresión de documental televisivo, á vez que tratar de igualar as distintas texturas de cada escena para crear a maior sensación de unidade visual e pictórica posible.

Á vez, tratamos de destacar algúns cores claves como o vermello, especialmente en detalles como na bandeira española detrás do empresario inmobiliario, nas paredes do bar ou nas paredes do acto final de campaña.



**Imaxes proceso corrección de cor**



## **2.3. POSPRODUCCIÓN**

### **2.3.4. DISTRIBUCIÓN E COMERCIALIZACIÓN**

A principal vía de distribución deste proxecto é o circuío de festivais de curtametraxes tanto galego como do resto de España en canto se realicen os debidos subtítulos en castelán. Tamén, unha vez se realicen os subtítulos en inglés se procederá a distribuír a festivais internacionais.

Consideramos que a vida deste produto pode ter recorrido neste tipo de festivais xa que debido ao seu xénero de falso documental pode chamar a atención tanto de festivais como de consumidores, xa que é un xénero que non é habitual ver nun festival pero que cada vez é máis popular, xa que recentemente é empregado especialmente nun contexto como o das fake news ou para criticar ou tratar a era da posverdade que estamos a vivir.

Dentro de este contexto, un falso documental que analice dende unha visión crítica a imposibilidade da obxectividade, pero á vez o papel dos medios á hora de tratar distintos temas encaixa cunha das inquedanzas actuais do noso público obxectivo. Desta forma, directores actuais como Carlo Padial (*Algo muy gordo* (2017)), *Vosotros sois mi película* (2018)) tratan dende esta perspectiva do falso documental a sociedade actual.

**Pero a vía de comercialización de Vilanova de Castro non é o circuío de festivais de curtas, máis ben ese é un método de difusión e de inversión (xa que en moitos festivais hai que pagar para poder competir) de cara a poder ser vendido a unha plataforma web. No contexto actual, e especialmente no noso público obxectivo o consumo deste tipo de produtos realízanse vía plataforma de vídeo baixo demanda. Seguindo co referente de Carlo Padiá: “Algo muy gordo”, unha longametraxe protagonizada por un dos principais cómicos de España (Berto Romero) obtivo relevancia unha vez foi adquirida por Netflix tras un máis que discreto paso por salas, por outra banda, a película “Vosotros sois mi película” foi estreada directamente en Flooxer, pese a que ao estar producida por Atresmedia estes poderían telo explotado nunha plataforma tradicional.**

**Por iso, consideramos que tras unha distribución por festivais eficiente poderemos encontrar comprador para o noso produto tanto nunha plataforma máis comercial como Netflix, Amazon Prime, HBO ou Movistar+ como en algunha independente como Filmin.**

# 3. PRESUPOSTO



### **3. PRESUPUESTO**

**Como se pode apreciar nas seguintes páxinas a parte da produción que require unha maior inversión económica é o equipo técnico, xa que supón 69.406,28€ do total do presuposto. Isto é debido á gran cantidade de técnicos necesarios para a produción do proxecto, xa que seguindo as tarifas fixadas no convenio audiovisual e adecuándoas ao tempo invertido por cada posto.**

**En canto á inversión necesaria para o material decidín que o máis adecuado era alugalo, de forma que resulta unha porcentaxe baixa sobre o total da curta.**

**En total a curta contaría cun presuposto total de 72.865,28; dos cales 69.406,28 cun porcentaxe de 95.25% sobre o presuposto total destinado ao equipo técnico; o aluguer do material custaría 2184€ sería un 2,99%; por último os actores suporían un 1,75% do presuposto con 1275€.**

### 3. PRESUPUESTO

#### COSTE MATERIAL

MATERIAL	CANTIDADE	NÚMERO DE DÍAS	COSTE ALQUILER/DÍA (EUROS)	COSTE TOTAL (EUROS)
Cámara Sony a6300	2	4	50	400
Objetivo 50mm	1	4	20	80
Objetivo 35mm	1	4	17	68
Objetivo 16-50mm	2	4	28	224
Estabilizador Ronin	1	2	50	100
Estativo Phottix	1	4	30	120
Visor DSLR	2	4	8	64
Slider	1	2	14	28
Tarjeta 32 GB	6	4	7	168
Trípode Manfrotto	3	4	20	240
Panel LED	2	4	14	112
Fresnel	2	3	20	120
Alargador	2	4	1	8
Regleta	2	4	1	8
Filtros ND para DSLR	2	2	20	80
Filtro Difusor	2	2	7	28
Reflector	2	2	3	12
Micro de cañon	1	4	10	40
Pértiga	1	4	14	56
Zeppelin	1	4	10	40
Grabadora Tascam 60D	1	4	8	32
Auricular	1	4	3	12
Cable XLR	2	4	3	24
Micro de Solapa AKG	3	4	10	120
TOTAL				2184

**FONTE: PÁXINAS DE ALQUILER DE EQUIPO AUDIOVIAUAL (AVISUAL PRO, FALCO FILMS, ETC)**

### 3. PRESUPUESTO

#### COSTE EQUIPO TÉCNICO

POSTO	CANTIDADE	NÚMERO DE DÍAS	COSTE DÍA (EUROS)	COSTE TOTAL (EUROS)
Produtor	1	210	128,57	26999,7
Guionista	1	60	77,96	4677,6
Director	1	210	121,42	25498,2
Axte. Dirección	1	10	95,18	951,8
Xefa de Producción	1	10	95,18	951,8
Axte. Producción e runner	1	4	57,63	230,52
Dir. Foto	1	10	106,50	1065
2º operador	1	4	74,55	298,2
Montador	1	60	94,235	5654,1
Sonidista	2	4	73,22	585,76
Compositor	1			300
Dir. Artístico	1	10	94,23	942,3
Dir. Vestuario	1	10	57,63	576,3
Diseño Gráfico	1			175
DESPLAZAMENTOS				500
<b>TOTAL</b>				<b>69406,28</b>

FONTE: CONVENIO AUDIOVISUAL B.O.E.

### 3. PRESUPOSTO

#### ACTORES

	DÍAS	SOLDO/DÍA	COSTE TOTAL (EUROS)
XORNALISTA	4	100	400
ALCALDE	2	75	150
DIRECTORA	1	50	50
ESTUDANTE 1	1	50	50
ESTUDANTE 2	1	50	50
RENALDINHO	1	50	50
JEAN PIERRE	1	50	50
XORNALISTA LOCAL 1	1	50	50
XORNALISTA LOCAL 1	1	50	50
LIDER DA OPOSICIÓN	1	50	50
DONO DO BAR	2	50	100
EMPRESARIO	2	50	100
SONIA SILVA	1	50	50
SEÑORA 1	1	25	25
SEÑORA 2	1	25	25
MAIORDOMO SONIA SILVA	1	25	25
TOTAL			1275

# 4. CONCLUSIONS



**VILANOVA**  
CASTRO

2019



## 4. CONCLUSIONES

En conclusión, este proxecto reportoume gran cantidade de satisfaccións tanto a nivel persoal como educativo, xa que non só me serviu para coñecer a un gran número de excelentes profesionais e persoas presentes tanto no equipo técnico como entre os actores, senón que creo que ampliei os meus coñecementos en moitos aspectos da produción dunha obra audiovisual. O ter que producir “Vilanova de Castro” fixo que tivera que enfrontarme a un gran número de inconvenientes que me ensinaron a encontrar solucións. Coordinar un equipo no que estaban involucradas máis de 25 persoas, á vez que se realizan aspectos artísticos no é doado, máis creo que o souben sacar adiante e o resultado é satisfactorio.

Ademais, creo que mellorei outros aspectos máis técnicos como a montaxe e aprendín a realizar en máis profundidade algúns nos que carecía de experiencia, como na posprodución de son e que malia que presentou un desafío enfrontarse a algo novo resultou estimulante e o aprendido finalmente foi totalmente nutritivo.

O ter realizado un guiión completo destas características, á vez que ter dirixido unha peza tan longa (co gran número de decisións que iso implica) ensinoume como funciona a realización dunha obra deste tipo e creo que agora teño unha visión máis realista e concreta tanto de como funciona a industria audiovisual como o papel que me gustaría adoptar no futuro con respecto a miña carreira profesional. Tamén creo que aprendín a ser moito mellor profesional, especialmente como montador e director, xa que enfrontarse a tantas horas de gravación é complexo e arriscado e ter que dirixir a tanta xente a profesionalidade e seriedade é fundamental (á vez que crear un bo clima de traballo).

